



# PREMIOS DO CONCURSO DE CONTOS CURTOS

## *Letras Galegas 2019: Antonio Fraguas*

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do colexio, lidos e revisados todos os relatos e tras unha difícil decisión, decidiu conceder os seguintes **premios**:

### *Categoría de 3º e 4º de E. Primaria*

**Alberto David Onuegbu de 3ºA co relato A Santa Compañía.**

### *Categoría de 5º e 6º de E. Primaria*

**Thais Soares Ulloa de 6ºB co relato Entroido das irmáns.**

O Equipo, ademais, desexa realizar unha **mención especial sen premio** aos e ás seguintes participantes da primeira categoría:

- Nicolás Sanjurjo Santiago de 3ºA polo seu relato en estilo xornalístico A Santa Compañía.
- Milkias Casas Noguerol de 4ºB polo seu conto Todos sodes Entroido con grandes influencias de Toy Story.
- Lola Borja Cortiñas de 3ºA pola súa historia road trip titulada O Entroido.
- Leila Noboa González de 4ºA polo seu conto A nosa festa dos Maios cun toque a O señor das moscas de William Golding.

E tamén da segunda categoría:

- Daniel Osed de 6ºB pola historia sindical Cambio de traballo para a Santa Compañía, onde esta loita con firmeza polos seus dereitos laborais.
- Julia Ledo Sánchez de 6ºA polo seu relato Santa Compañía onde a protagonista salva da morte ao alcalde.
- Uxía Sánchez Payo de 6ºB polo delicioso conto Nubeiros? Que parvada! e as marabillosas ilustracións que o acompañan.

Todos os contos tratan algúns dos temas dos que Antonio Fraguas estudou e escribiu durante a súa vida. Imaxinastes historias sobre eles lendo os textos do propio autor e puidestes así achegarvos o gran traballo que el realizou para coa cultura galega.

O premio será **entregado nas aulas respectivas o día 16 de maio de 2019.**

Máis info en <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/premiosl1gg>

Asinado



Ramón París Lago, coordinador do EDLG.